



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal
- Decreto sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación de Documentación Xudicial de Galicia
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Cambre (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Cambre (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Val do Dubra (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Val do Dubra (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Maside (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Maside (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Catoira (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Catoira (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos
- Decreto sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% na subvención, no momento da concesión, na resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres, e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella de Galicia, para a execución do programa de familias acolledoras, dirixido ao acollemento en familia allea de menores en situación de risco ou desamparo e se autoriza a concesión dun anticipo do 30% como primeiro pagamento
- Acordo polo que a Xunta de Galicia, mediante o presente escrito, aprecia a necesidade de formular ao Goberno requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, en relación co Real decreto 1916/2008, de 21 de novembro, polo que se regula a iniciativa de modernización dos destinos turísticos maduros

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 3.080.000 euros a *PUMADE S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval subsidiario por importe máximo de 5.200.000 euros a *Maderas Iglesias, S. A*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a manter as condicións previamente autorizadas na modificación do aval concedido a *Treves Galicia, S.L.U.*



- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 2.450.000 euros a *Promotora Industrial Sadense, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 2.268.000 euros a *GRANITESA, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 1.120.000 euros a *GRANIPEC ESPAÑA, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 1.820.000 euros a *M.F. Matadero Frigorífico de Móntellos, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 3.080.000 euros a *Fomento de Áridos y Obras, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 3.990.000 euros a *Frigoríficos Conchado, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 980.000 euros a *Industrias Carballo para la Tecnología del Mueble, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe máximo de 2.394.000 euros a *Espina Obras Hidráulicas, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 1.120.000 euros a *F.C. Alimentación, S.A.*



- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a manter as condicións previamente autorizadas na modificación do aval concedido a *Géneros de Punto Montoto, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a manter as condicións previamente autorizadas na modificación do aval concedido a *S.A. Eduardo Vieira*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 1.512.000 euros a *Cuíña, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 1.260.000 euros a *Granitos Monte Faro, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a exceptuar á solicitante na achega de garantías reais suficientes, e a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 98.000 euros a *Lonxanet Directo, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 175.000 euros a *Alimentos Ruta Xacobeá, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 210.000 euros a *Granjas San Luis, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 175.000 euros a *Lácteos Río Xallas, S.L.*



- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 770.000 euros a *Piensos Dumbría, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 700.000 euros a *Investigación y Proyectos de Vehículos Especiales, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 10.860.000 euros a *Grupo Copo de Inversiones, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar a avalada da achega de garantías reais na concesión dun aval por importe máximo de 2.700.000 euros a *Construcciones Navales P. Freire, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 910.000 euros a *Xuntoira Mobiliario de Cociña, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar a avalada da achega de garantías reais na concesión dun aval por importe máximo de 2.100.000 euros a *Astilleros M.Cies, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para exceptuar a solicitante na achega de garantías reais suficientes, e a establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe máximo de 1.050.000 euros a *Russula, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a exceptuar a solicitante na achega de garantías reais suficientes, e a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo de 1.186.500 euros a *Volvoreta, S.A.*



- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) para exceptuar a solicitante na achega de garantías reais suficientes, e a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 600.000 euros a *Lareira Eurococinas, S.A.*

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Meaño á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Amoeiro á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Parada de Sil á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ordes para a conexión da AC-524-Polígono Industrial de Ordes e a conexión da AC-524- N-550
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de catro millóns cento vinte mil trescentos setenta e tres euros con trinta e nove céntimos (4.120.373,39 euros) da obra de Reforzo do pavimento e adaptación de barreiras de seguridade na LU- 122 (Paraxes- Lourenzá), Lugo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de terminación da CP 7401 variante Quintáns, CP Urdilde a Antequeira (Rois) sobre a dos montes veciñais en man común *Quintáns* e *Susamontes*, *Parapico* e *Abelenda*, pertencente ás comunidades de *Quintáns* e *Macedos*, promovidos pola Deputación Provincial da Coruña

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ourense para a execución da obra: rede de sumidoiros A Regata-Mende. Ourense (Ourense), por importe de 272.307,52 €



INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta das resolucións da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra pola que se acorda a tramitación de emerxencia dos expedientes de execución de obras en centros educativos para reparar os danos producidos polo temporal do 23 de xaneiro de 2009



GALICIA É A SEGUNDA COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE REGULA AS COMPETENCIAS SOBRE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN ESTATAL

- *O decreto aprobado hoxe polo Consello fundaméntase no aumento das competencias que atribúe o Estatuto básico do emprego público á Comunidade*
- *Estes funcionarios son secretarios, interventores e secretarios-interventores que prestan servizos nas entidades locais galegas*
- *Co EBEP, Galicia será competente en materia de oferta de emprego público e selección deste persoal e do seu rexistro autonómico, entre outras*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal. O texto busca regular, de xeito pormenorizado, as competencias da Xunta de Galicia sobre este tipo de empregados públicos (secretarios, interventores e secretarios-interventores que prestan servizos nas entidades locais galegas). Este decreto débese ao incremento competencial atribuído á Comunidade polo Estatuto básico do emprego público (EBEP) –aprobado en abril de 2007- e á necesidade de configurar un marco regulamentario autonómico. Neste sentido, Galicia é a segunda comunidade autónoma en España que desenvolve regulamentariamente a disposición adicional segunda do EBEP, despois de Cataluña que aprobou o seu texto o 7 de outubro de 2008.

O texto aprobado hoxe abarca a creación, supresión, clasificación e exención de postos reservados; o desempeño excepcional dos postos de tesouraría por funcionarios da corporación; a constitución e disolución de agrupacións para o sostemento en común de postos reservados; o rexistro autonómico de funcionarios con habilitación de carácter estatal, a provisión definitiva de postos reservados (concurso ordinario e libre designación); a provisión temporal de postos reservados (nomeamentos provisionais, comisións de servizos, acumulacións, nomeamentos accidentais e nomeamento de persoal interino); permutas e selección e promoción de funcionarios con habilitación estatal.

Aumento de competencias

O EBEP establece na súa disposición adicional segunda a transferencia ás comunidades autónomas competencias en materia de funcionarios con habilitación de carácter estatal para ampliar as que viñan desenvolvendo en materia de execución. A Xunta xa tiña competencias en materia de creación, clasificación e supresión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal; nomeamentos provisionais, comisións de servizos, acumulacións, permutas e nomeamento de persoal interino; constitución e disolución de agrupacións de entidades locais para o sostemento en común de postos reservados; declaración de exención no exercicio das funcións reservadas; autorización para o desempeño excepcional de tesourarías; determinación e valoración de méritos autonómicos; publicación das bases dos postos



para cubrir no concurso ordinario anual e remisión ao Ministerio de Administracións Públicas; participación no tribunal de valoración do concurso unitario anual e publicación das convocatorias dos postos que se van prover por libre designación.

A partir da aprobación do EBEP, a comunidade pasa a ampliar as súas competencias ao incorporar a aprobación da oferta de emprego público e a selección de funcionarios con habilitación estatal, o rexistro autonómico de funcionarios deste tipo, a regulación das bases comúns do concurso ordinario e atribución dunha porcentaxe de puntuación para cada un dos méritos -estatais, autonómicos e específicos-, a publicación da convocatoria do concurso ordinario, a regulación e aplicación do réxime disciplinario destes funcionarios e a publicación das convocatorias e adxudicación dos postos de libre designación.

Proceso de elaboración

O decreto foi elaborado pola Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de residencia, Administracións Públicas e Xustiza. Primeiro, constituíuse un grupo de traballo en que se lle deu participación a representantes da FEGAMP e aos presidentes dos catro colexios provinciais de funcionarios con habilitación de carácter estatal da comunidade. Como resultado, todas estas entidades participantes emitiron un informe favorable ao texto proxectado. A continuación, a Comisión Galega de Cooperación Local deliberou e emitiu informe favorable por unanimidade dos seus membros. O Ministerio de Administracións Públicas manifestou a súa total conformidade co contido do texto elaborado, salientando que Galicia era unha das primeiras comunidades en regular esta materia.

No texto recóllense algunhas das suxestións achegadas pola Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia, pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e do Consello Consultivo de Galicia.



O CONSELLO APROBA O DECRETO SOBRE OS ARQUIVOS XUDICIAIS TERRITORIAIS E A XUNTA DE EXPURGACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUDICIAL DE GALICIA

- *A rede de arquivos xudiciais da comunidade estará integrada por catro arquivos de ámbito provincial, que poderán ter un ou varios depósitos de fondos*
- *A Xunta de Expurgación estará formada polo presidente do TSXG, un membro do Ministerio Fiscal, un funcionario designado pola Dirección Xeral de Xustiza, un técnico superior especialista en arquivos e un secretario xudicial*
- *O plan inicial de expurgación comezará nos arquivos do TSXG e audiencias provinciais, e nunha segunda fase estenderase aos arquivos dos xulgados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial en Galicia. Así, no que se refire aos primeiros, o texto establece que a rede de arquivos xudiciais da comunidade autónoma estará integrada por catro arquivos de ámbito provincial, e que cada un deles poderá ter un ou varios depósitos de fondos.

A norma fai referencia ao previsto no Real decreto 973/2003, de modernización dos arquivos xudiciais, que recolle que os arquivos territoriais dependen do titular da presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), que poderá delegar esta competencia no presidente da audiencia provincial ou no xuíz decano do partido xudicial onde radiquen.

Este mesmo real decreto indica tamén que os secretarios xudiciais serán os encargados da ordenación, custodia e conservación destes arquivos. Para esta función, a consellería competente nesta materia facilitaralles os recursos humanos, materiais e técnicos que precisen para o seu adecuado funcionamento, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

Segundo o decreto aprobado hoxe polo Consello, o Arquivo Xudicial Territorial da Coruña terá a súa sede no TSXG e poderá ter depósitos de fondos nas cidades da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela; os de Lugo, Ourense e Pontevedra terán as súas sedes nas respectivas audiencias provinciais; e o de Pontevedra poderá ter depósitos en Pontevedra e Vigo.

Xunta de Expurgación

Doutra banda, o texto recolle que a Xunta de Expurgación de Documentación Xudicial de Galicia é un órgano colexiado de natureza administrativa adscrito á consellería competente na materia e que, de conformidade co R.D. 937/2003, exercerá as súas competencias en todo o ámbito territorial da comunidade autónoma.



Terá a súa sede do TSXG e estará presidida polo máximo mandatario deste tribunal, se ben este poderá ser substituído por un maxistrado en activo. Ademais, estará integrada por:

- Un membro do Ministerio Fiscal designado polo titular da Fiscalía Superior de Galicia.
- Un funcionario designado pola Dirección Xeral de Xustiza entre os que desempeñen un cargo de subdirector ou xefe de servizo.
- Un técnico superior especialista en arquivos designado pola consellería competente en materia de protección do patrimonio documental.
- Un secretario xudicial designado polo órgano competente do Ministerio de Xustiza, que desempeñará a secretaría da Xunta de Expurgación Xudicial.

Na designación destes integrantes procurarase que se obteña unha composición de xénero equilibrada, segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Así mesmo, para garantir a continuidade dos traballos, nomearase un suplente por cada un dos vogais titulares, que serán designados do mesmo xeito ca estes.

Plan inicial de expurgación

A consellería competente en xustiza, en colaboración coa consellería competente en protección do patrimonio documental, elaborará un plan inicial de expurgación –é dicir, de limpeza e eliminación de documentos innecesarios- de cara á catalogación de series e inventario de fondos existentes nos arquivos dos órganos xudiciais, que someterá ao informe da Sala de Goberno do TSXG e a audiencia do secretario de Goberno deste tribunal.

Este plan incluírá o estudo da documentación arquivada de cara a formular as propostas de transferencias ao arquivo histórico ou territorial ou o pase ao proceso de expurgación. Ademais incluírá a captura de datos nunha aplicación informática de xestión dos arquivos territoriais e da Xunta de Expurgación, así como a preparación e etiquetaxe dos fondos.

Co fin de xerar espazo no que serán os futuros depósitos dos arquivos xudiciais territoriais, a execución do plan inicial de expurgación comezará nos arquivos do TSXG e audiencias provinciais, e nunha segunda fase estenderase aos arquivos dos xulgados.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESCUDOS E BANDEIRAS OFICIAIS DE VAL DO DUBRA, CATOIRA, CAMBRE E MASIDE

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais das bandeiras e escudos dos concellos de Val do Dubra, Catoira, Cambre e Maside.

Deste xeito, o escudo de Val do Dubra (A Coruña) ten, sobre campo de azur (azul) e ondas prata e azur, un sarcófago prateado surmontado dun raio de luz superado dunha estrela de seis puntas da mesma cor. Ao timbre, coroa real pechada. A bandeira do concello, pola súa banda, presenta os mesmos motivos sobre pano azur.

Pola súa banda, o escudo do concello de Catoira (Pontevedra) presenta, en campo de gules (vermello), dúas torres mazonadas de sable (negro) e aclaradas de azur sobre ondas de prata e azur, con coroa real pechada ao timbre.

A bandeira do concello, en pano de vermello, está dividida en tres franxas verticais: na do terzo da hasta (esquerda) ten unha roda de branco cargada cunha cruz de branco con cantóns en vermello; na do batente (dereita) dúas torres amarelas mazonadas de sable e aclaradas de azur; e no terzo central sete franxas verticais con ondas de branco e azur.

O escudo do concello de Cambre (A Coruña) é de campo azur cun piñeiro de cor terrasado de sinople (verde), todo perfilado de prata e flanqueado por dúas vieiras de prata e coroa real pechada ao timbre. Polo que se refire á bandeira, esta ten, en pano de prata, un piñeiro froiteiro flanqueado por unha cuncha de vieira perfilada de azul a cada lado.

Por último, en canto aos símbolos do concello de Maside (Ourense), o escudo é en campo de sinople e presenta, sobre ondas de prata e azur, unha ponte a dúas augas, cun só arco apuntado de ouro e mazonado de sable. Á ponte súmaselle unha torre campanario coa porta e a ventá aclaradas de azur, flanqueada por dous leóns de ouro, con uñas e linguas de gules, enfrontados, que surmontan a ponte. Ao timbre, coroa real pechada. A súa bandeira, en pano verde, presenta a mesma torre campanario de amarelo mazonada de negro e aclarada de azul, flanqueada polos dous leóns, sobre dúas franxas con ondas de branco no terzo horizontal de abaixo.



A XUNTA SIMPLIFICA OS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA O TRASLADO DE RESIDUOS PERIGOSOS E NON PERIGOSOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto que regula a rastrexabilidade dos residuos*
- *Os grandes produtores de residuos perigosos verán facilitados os trámites para o seu traslado, grazas á utilidade demostrada por este sistema máis sinxelo entre os pequenos produtores*
- *Os residuos non perigosos que non sexan de construción e demolición ou residuos urbanos deberán documentarse tamén mediante un comprobante de entrega*

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa reunión semanal o Decreto que regula a rastrexabilidade dos residuos, que permitirá simplificar os trámites administrativos nos procesos de traslado dos residuos perigosos e non perigosos.

A simplificación dos trámites no control dos traslados de residuos perigosos para os pequenos produtores, aqueles que xeran menos de 10.000 quilos ao ano, amosou a utilidade e o alto grao de aceptación ao establecer un réxime simplificado. Porén, quedaban fóra desta regulación os produtores que superaban esta cantidade, aínda que nalgúns casos os residuos enviados eran equiparables en cantidade e perigosidade aos enviados por pequenos produtores.

Deste xeito, o decreto aprobado pola Xunta establece un protocolo que regula as transmisións de residuos perigosos e non perigosos entre produtores e xestores, de xeito que se determine en todo momento quen é o responsable do residuo. Isto supón un avance importante se temos en consideración que se producen arredor de 95.000 traslados ao ano de residuos perigosos.

O traslado de residuos perigosos precisará dun aviso previo, que se solicitará cunha antelación mínima de 10 días, documentos de control (que variarán dependendo de se se traslada un único tipo de residuo ou varios, ou se procede dun mesmo ou de varios produtores) e de formalización do traslado.

Os residuos non perigosos, que non sexan de construción e demolición ou se trate de residuos urbanos, deberán documentarse mediante un comprobante de entrega no que se identifiquen o centro remitente dos residuos, as súas características, a persoa xestora destinataria e a data de entrega. Pola súa banda, os de construción e demolición regularanse pola súa propia normativa específica contida no Real decreto 105/2008.

Ademais, os produtores de residuos perigosos e non perigosos, os transportistas (asuman ou non a titularidade do residuo) e os xestores deberán levar a cabo un rexistro documental dos residuos producidos e xestionados.



Procedemento telemático

Os produtores de residuos perigosos que xeren máis de 10 toneladas ao ano, así como os xestores, deberán empregar as aplicacións telemáticas habilitadas na páxina web do Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA) para a presentación dos documentos de traslado dos residuos que se fagan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.



O DECRETO DE SOLOS POTENCIALMENTE CONTAMINADOS OBRIGARÁ OS TITULARES DE TERREOS AFECTADOS Á SÚA LIMPEZA E RESTAURACIÓN AMBIENTAL

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto sobre solos potencialmente contaminados e o procedemento para a declaración de solos contaminados*
- *O novo documento establece o réxime xurídico que especifica as obrigas de información dos titulares de actividades potencialmente contaminantes e dos seus propietarios, o procedemento para a declaración dun solo como contaminado e as operacións para a súa recuperación así como a creación dun Rexistro da Calidade dos Solos de Galicia*
- *A declaración dun terreo como contaminado suporá a súa inclusión na Sección de Solos Contaminados do Rexistro de Calidade dos Solos de Galicia e non se poderán executar nel desenvolvementos urbanísticos, mentres non sexan obxecto de recuperación ambiental*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto sobre solos potencialmente contaminados e o procedemento para a declaración de solos contaminados promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que obrigará os titulares dos terreos a levar a cabo as tarefas de limpeza e recuperación ambiental.

Tras a entrada en vigor o pasado 19 de febreiro da Lei de residuos de Galicia, que regula de xeito xenérico a declaración de solos contaminados, o novo decreto establece o réxime xurídico que especifica as obrigas de información dos titulares de actividades potencialmente contaminantes e dos seus propietarios, o procedemento para a declaración dun solo como contaminado e as operacións para a súa recuperación así como a creación dun Rexistro da Calidade dos Solos de Galicia.

A declaración dun solo como contaminado obrigará os responsables a realizar as tarefas de limpeza e recuperación e asumir os gastos que supoñan, para o cal deberán presentar un proxecto que incluíra a forma e o prazo de execución. Esta obriga poderá exixirse independentemente do período transcorrido desde que se produciu a contaminación. Se non se levasen a cabo os labores de limpeza no prazo previsto, a Consellería de Medio Ambiente poderá proceder á execución subsidiaria por conta do titular ou propietario obrigado e pola súa conta.

Unha vez sexan adoptadas as medidas para corrixir a contaminación do solo, os responsables deberán presentar un informe que avalíe que a contaminación remanente, se a houber, teña un risco aceptable segundo a clasificación do uso do terreo. A desclasificación suporá a exclusión do solo da Sección de Solos Contaminados do Rexistro de Calidade dos Solos de Galicia e a súa inclusión na epígrafe de Solos de Actividades Potencialmente Contaminantes. A consellería



establecerá tamén medidas de control e seguimento nos supostos en que exista unha contaminación remanente.

Ademais, a declaración dun terreo como contaminado suporá a inclusión do terreo na Sección de Solos Contaminados do Rexistro de Calidade dos Solos de Galicia e non se poderán executar nel desenvolvementos urbanísticos, mentres non sexan obxecto de recuperación ambiental.

Obrigas de información

Os titulares das novas actividades potencialmente contaminantes, aquelas que se puxeron en marcha con posterioridade ao 7 de febreiro de 2005, tras a entrada en vigor do Real decreto 9/2005 que relaciona as actividades potencialmente contaminantes do solo, deberán presentar un informe preliminar de situación e remitir un novo documento cada cinco anos á consellería.

Estas empresas terán un prazo dun ano, a partir da entrada en vigor do decreto, para a presentación do informe preliminar da situación.

Declaración de solos contaminados

Unha análise da calidade do solo, unha investigación exploratoria e outra detallada, en caso de que existan indicios fundados de contaminación, determinará os posibles focos, o tipo e a cantidade de contaminantes presentes, delimitará as áreas afectadas, tanto na superficie como en profundidade, e describirá a evolución espacial e temporal da contaminación.

Se estas exploracións determinan algunha contaminación, unha empresa acreditada realizará unha valoración detallada dos riscos que poidan supoñer para a saúde humana ou os ecosistemas que determinará se estes riscos son aceptables ou inaceptables. En caso de que sexa declarado inaceptable, iniciarase o procedemento de declaración de solo contaminado.

Rexistro da Calidade dos Solos de Galicia

O decreto recolle a creación dun rexistro público de carácter administrativo que contén a relación de solos en que se desenvolven ou se desenvolveron actividades potencialmente contaminantes do solo. O Rexistro da Calidade dos Solos de Galicia constará de dúas seccións:

- **Solos Contaminados:** terreos declarados por resolución administrativa firme en Galicia como contaminados. Así, identificarase o solo e o seu uso actual segundo normativa urbanística vixente, os causantes da contaminación, os posuidores e os propietarios do solo contaminado, as persoas físicas ou xurídicas obrigadas a realizar as operacións de limpeza e recuperación, as actividades contaminantes que se desenvolvan ou se teñan desenvolvido sobre o terreo e os contaminantes do solo.



- **Solos de Actividades Potencialmente Contaminantes:** lugares que foron obxecto de obrigas de facilitar información e que non foron declarados como contaminados ou foron desclasificados.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS ÁS LIÑAS DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN E FORMACIÓN A PROL DAS MULLERES

- *O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a convocatoria por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI), adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, dunha liña de axudas para a realización de programas de promoción e formación a prol das mulleres. O importe global destinado a estas axudas ascende a 537.500 euros, cofinanciados en parte polo Fondo Social Europeo, dos que poderán beneficiarse as entidades de iniciativa social.

Trátase de levar a cabo formación dirixida a facilitar o acceso das mulleres ao mercado de traballo asalariado e a profesionalizar e cualificar traballos tradicionalmente realizados de forma gratuíta por mulleres e que están a saír ao mercado de traballo (nomeadamente recursos de conciliación e a creación do Sistema Galego de Benestar). Ao mesmo tempo, contribúese ao fomento da cultura emprendedora, dándolles formación a aquelas mulleres que teñen pensado desenvolver unha iniciativa empresarial propia. Ademais, quérese incorporar a formación en dous ámbitos moi importantes, como son o acompañamento ás vítimas de violencia de xénero e as ferramentas de reequilibrio no uso do tempo entre mulleres e homes.

Formación

Estas subvencións inclúen o apoio a programas destinados a facilitar a inserción laboral das mulleres, impulsando a súa cualificación naquelas profesións en que se atopen subrepresentadas ou que sexan demandadas polo mercado de traballo. Tamén se recolle o apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente os que apostan polo desenvolvemento sustentable. Así mesmo, subvencionaranse outros proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores. Por outra banda, apoiaranse aqueles programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíta nos fogares.

Entre as destinatarias, terán preferencia as mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como as que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida familiar e laboral.



Para facilitarlles o acceso á formación ás mulleres con especial dificultade, ademais dos gastos de persoas e os imputables aos cursos, establécense como gastos subvencionables os que deriven da prestación de servizos de gardararía, de canguros ou asistencia domiciliaria no horario lectivo, en caso de ter unha persoa dependente a cargo. Ademais, prevense bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada e axudas de transporte para aquelas mulleres que residan a máis de 3 quilómetros do lugar onde se imparta o curso.



A XUNTA INVISTE CASE 400.000 EUROS NO PROGRAMA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS, QUE PRESTA ATENCIÓN TEMPORAL A MENORES EN SITUACIÓN DE DESAMPARO

- *O Consello autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio coa Cruz Vermella para o desenvolvemento deste programa*
- *Este programa ten por obxectivo proporcionar unha atención temporal a aqueles menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, nun ambiente familiar normalizado, alleo á súa familia de orixe*

O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza desta mañá, a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e a Cruz Vermella, polo que a Xunta investirá 397.000 euros na posta en marcha do programa de familias acolledoras. Este programa ten por finalidade ofrecer un servizo de atención temporal a menores en situación de desamparo ou desprotección social proporcionándolles un ambiente normalizado que permita evitar o seu acollemento residencial. Pola súa banda, Cruz Vermella achegará 103.149 euros.

O programa de familias ten por obxectivo proporcionar unha atención temporal a aqueles menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, nun ambiente familiar normalizado, alleo á súa familia de orixe, por non existir esta ou non ser a idónea para o seu coidado. Trátase de acadar o benestar dos menores, garantindo os seus dereitos e conseguindo a súa plena participación na vida dunha familia sen vínculos de orixe. Os obxectivos específicos do programa céntranse en acadar o axeitado desenvolvemento do menor nos hábitos hixiénico-sanitario, educativo, persoal e social, así como en lle proporcionar ao menor un ambiente normalizado adecuado para a súa idade e momento evolutivo. No contexto familiar, o programa persegue promover o cambio da situación da súa familia de orixe, para que o menor poida volver con ela o máis axiña posible, lograr que a familia acolledora preste unha adecuada atención ao menor e potenciar a relación da familia de orixe e de acollida para favorecer a futura reintegración familiar do menor.

O programa tamén xestionará que aqueles menores que estean en institucións e non poidan ir coa súa propia familia conten coa acollida nun ambiente familiar.

En virtude deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia comprométese a supervisar todas as actuacións do desenvolvemento do programa, en particular o período de duración dos acollementos e as pautas educativas, formativas, sanitarias, persoais e de relación coa familia de orixe, así como facilitar os menores que se incorporarán ao programa e a tipoloxía de acollemento máis axeitada para cada un deles, con preferencia polos nenos de 0-6 anos de idade. Así mesmo, proporá a incorporación a este programa dos menores de 0-3 anos, tutelados ou en garda, para os cales non exista familia extensa idónea para



un acollemento familiar. Outro dos compromisos da Vicepresidencia que se recollen neste convenio é o de gardar o cumprimento das obrigas en canto á garda do menor e a ofrecer soporte técnico ao equipo responsable da execución do programa nas dificultades que xurdan durante os acollementos.

Pola súa banda, Cruz Vermella comprométese a designar os profesionais que levarán a cabo o programa en cada provincia, así como a seleccionar e formar as familias acolledoras que participen no programa.

Para o desenvolvemento do programa, Cruz Vermella contará cun equipo en cada provincia formado por un psicólogo e un traballador social, ademais de persoal voluntario integrado por monitores ou educadores, profesionais técnicos (avogados ou sanitarios) e voluntarios para tarefas complementarias, como as de transporte.

O convenio prevé tamén o desenvolvemento de actuacións de divulgación do programa dirixidas tanto aos profesionais como á poboación en xeral. Estas actuacións estarán encamiñadas a sensibilizar a poboación sobre a problemática dos menores, a captar familias susceptibles de realizar acollementos e a dar a coñecer os contidos e obxectivos deste programa.



A XUNTA INTERPORÁ AO GOBERNO CENTRAL UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA POLO REAL DECRETO QUE REGULA AS INICIATIVAS DE MODERNIZACIÓN DE DESTINOS TURÍSTICOS MADUROS

- *Entende que vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de turismo que lle atribúe o Estatuto*

O Consello da Xunta, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia contra o Real decreto 1916/2008, do 21 de novembro, pola que se regula a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros.

O Real decreto ten por finalidade apoiar financeiramente os plans de renovación e modernización de destinos turísticos maduros, entendendo por tales os que reúnan polo menos tres das seguintes características: a) Sobrecarga urbanística e ambiental, b) Sobreexplotación de recursos, c) Obsolescencia dos seus equipamentos turísticos, d) Escaso investimento do sector turístico privado e e) Oferta e demanda turística estabilizada ou decrecente.

O Goberno galego entende que a resolución mencionada vulnera a repartición competencial establecida pola Constitución e o Estatuto, xa que o poder de gasto ou subvencional é sempre un poder instrumental que se exerce “dentro” e non “á marxe” da orde de competencias establecida e polo tanto o poder de subvencionar vai unido á competencia da materia sobre a que se incide. Respecto disto, o Estado non ten competencia sobre a materia obxecto destas axudas, o turismo, que corresponde en exclusiva á Comunidade Autónoma, como figura no artigo 27.21 do estatuto de autonomía galego, e considérase tamén que hai vulneración sobre as competencias de fomento e planificación da actividade económica de Galicia do artigo 30.I.1 do Estatuto e, en definitiva, da nosa autonomía financeira recollida nos artigos 137 e 156 da Constitución.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional ten revogado este tipo de liñas estatais de axudas referidas a préstamos cando a xestión ou tramitación administrativa que poidan existir no procedemento de outorgamento destes préstamos non se residencia nas autoridades autonómicas, como é o caso neste real decreto. Dentro da materia de turismo, o TC ten sinalado que o Estado debe limitarse á fixación das condicións esenciais, residenciando todo o resto nas comunidades autónomas, incluída toda a dimensión da xestión e territorialización dos fondos.

Por todo isto, o Executivo galego acordou realizar este requirimento de incompetencia ao Goberno do Estado para que se recoñeza que a competencia corresponde á Comunidade Autónoma en virtude dos artigos 27.21 e 30.I.1 do Estatuto, polo que se debe proceder á anulación ou modificación de ata 17 artigos do R.D. Exíxese,



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación

ademais, a territorialización dos fondos destinados a axudas complementarias aos plans de dinamización turística.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA AVAIS PARA O FINANCIAMENTO DE 27 EMPRESAS DOS SECTORES DE AUTOMOCIÓN, CONSTRUCCIÓN NAVAL E TEXTIL-MODA POR IMPORTE DE 53 MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá avais para préstamos de circulante e reestruturación de débeda por importe de 53 millóns de euros para empresas dos sectores da automoción, construción naval e téxtil-moda, entre outros. Estes avais ampararán préstamos dun importe global de 84 millóns de euros

Os avais achegados a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Facenda, permitirán o financiamento de empresas como *Grupo Fehrer- Copo Ibérica* (automoción), *Construcciones Navales Freire* (construción naval) ou *Volvoreta* (téxtil).

Ao abeiro das operacións autorizadas hoxe polo Consello da Xunta, no sector da automoción, o Igape concederá avais por importe de 13,2 millóns de euros: 10,9 M€ ao *Grupo Fehrer- Copo Ibérica* en garantía do 60% dun préstamo bancario de 18 millóns de euros destinado ao financiamento de necesidades operativas do grupo e a financiar a adquisición da participación do *Grupo Fehrer* nas sociedades coparticipadas en Zaragoza e Brasil; un aval a *Treves Galicia SLU* por importe de 1,65 M€; e outro de 0,7 M€ a *Investigación y Proyectos de Vehículos Especiales*.

No sector da construción naval, o Igape concederá avais por importe de 4,8 M€ á dúas empresas: *Construcciones Navales Freire* (2,7 millóns de €) e *Astilleros M. Cíes* (2,1).

No sector téxtil, destaca un aval de 1,2 millóns de euros á empresa *Volvoreta S.A.* da deseñadora galega, Kina Fernández.

Outros sectores beneficiados

Entre os avais aprobados no Consello de hoxe, destacan tamén os destinados a sectores como alimentación, madeira e moble e granito:

Así, no ámbito do sector alimentario, o Consello da Xunta autorizou a concesión de avais a empresas como *Frigoríficos Conchado* (3,99 millóns de euros); *Promotora Industrial Sadense* (2,45); *Matadero Frigorífico de Montellos* (1,82); ou *F.C. Alimentación* (1,12). O Igape tamén concederá apoios mediante aval ás empresas *Lonxanet Directo*, *Alimentos Ruta Xacobeá*, *Granjas San Luís*, *Lácteos Río Xallas* ou *Piensos Dumbría*.

No sector da industria de transformación da madeira e do moble, o Igape concede avais por importe 10,7 millóns de euros. Entre as empresas beneficiarias destacan *Maderas Iglesias*, que poderá contar cun aval por importe de 5,2 millóns de euros, en



garantía do 65% dun préstamo bancario de 8 millóns destinado ao refinanciamento de pasivos; e *PUMADE*, cun aval por importe de máximo de 3 millóns en garantía do 70% dun préstamo bancario de 4,4 millóns de euros destinado a investimentos en reestruturación industrial e financiamento de pasivos e circulante.

No sector do granito, concédense avais por importe de 4,6 millóns de euros a tres empresas: *GRANITESA* (2,3), Granitos Monte Faro (1,2); e *GRANIPEC ESPAÑA* (1,1).



COA INCORPORACIÓN DE AMOEIRO, MEAÑO E PARADA DE SIL XA SON 40 OS CONCELLOS ADHERIDOS Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- *Estes concellos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo*
- *A APLU é un ente público consorciado ao cal os concellos se incorporan de xeito voluntario*

O Consello da Xunta aprobou os convenios de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e os concellos de Amoeiro e Parada de Sil (en Ourense), e Meaño (na provincia de Pontevedra), para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral, polo que no día de hoxe hai un total de 40 concellos adheridos á Axencia.

A integración destes tres concellos na APLU será plenamente efectiva unha vez asinados os respectivos convenios de colaboración autorizados hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, os concellos mencionados delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais.

Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. O seu cometido é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio, especialmente na zona rural, e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes



e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.

Concellos que xa contan co convenio de adhesión á APLU autorizado polo Consello da Xunta de Galicia:

Provincia	Concello
A Coruña	
	A Baña
	A Capela
	Abegondo
	Ares
	Arzúa
	Begonte
	Boimorto
	Cedeira
	Dodro
	Oroso
	Sada
	Val do Dubra
Lugo	
	Becerreá
	Castroverde
	Lourenzá
	Ribeira de Piquín
	Trabada
Ourense	
	Amoeiro
	Carballeda de Avia
	Castrelo de Miño
	Castrelo do Val
	Entrimo
	Gomesende
	Maside
	O Barco de Valdeorras
	Parada de Sil
	Petín
	Piñor

	Verín
	Vilamarín
	Vilardevós
Pontevedra	
	A Guarda
	Cuntis
	Gondomar
	Meaño
	Moraña
	Nigrán
	Oia
	Ponteareas
	Pontecesures
TOTAL	40



O GOBERNO GALEGO INVISTE 2,2 MILLÓNS DE EUROS NA CIRCUNVALACIÓN DE ORDES

- *A CPTOPT e o concello colaborarán na construción da nova vía que conectará o polígono industrial e a N-550 coa estrada autonómica Ordes-Lanza, que dá acceso á AP-9*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ordes co fin de executar a circunvalación de Ordes, na que a CPTOPT investirá 2,2 millóns de euros. Esta nova vía permitirá conectar o polígono industrial da localidade e a estrada N-550, que atravesa a vila, coa estrada autonómica Ordes-Lanza (AC-524), que dá acceso á AP-9.

Ademais de mellorar as conexións da zona, a importancia destes enlaces radica sobre todo en que axudarán a desconxestionar o centro de Ordes, xa que desviará o tráfico de camións da zona industrial de Meirama cara á autoestrada AP-9, evitando así que sigan pasando polo núcleo urbano de Ordes.

Segundo o convenio autorizado hoxe, as obras terán un custo estimado de 2,2 millóns de euros que serán financiados integramente pola Consellería de Política Territorial. Pola súa banda, o Concello de Ordes elaborará o proxecto técnico, contratará e executará as obras, porá á disposición os terreos necesarios e encargarse de tramitar todos os permisos e licenzas pertinentes. Así mesmo, unha vez rematados os traballos, tamén asumirá o mantemento e a conservación destes enlaces.

Estas actuacións, que a Xunta financia na súa totalidade, enmárcanse dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de fomentar o desenvolvemento harmónico do territorio e contribuír a mellorar a calidade de vida dos cidadáns. No caso concreto de Ordes, as obras proxectadas repercutirán de xeito directo na actividade diaria dos seus habitantes, ao se axilizaren as conexións coa zona industrial e diminuír o tráfico do núcleo urbano.



A XUNTA INVESTIRÁ 4,1 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA ESTRADA QUE UNE PARAXES (NA PASTORIZA) CON LOURENZÁ

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 4,12 millóns de euros no acondicionamento e mellora da estrada LU-122 que une as localidades de Paraxes (no termo municipal da Pastoriza), con Lourenzá, na provincia de Lugo, segundo a autorización de gasto aprobada hoxe polo Consello da Xunta.

As obras levaranse a cabo ao longo dos 18,7 quilómetros que atravesan os concellos da Pastoriza, Riotorto, Mondoñedo e Lourenzá e consistirán no reforzo e saneamento da estrada, en que tamén se instalarán os novos elementos de protección de motoristas que a Consellería de Política Territorial está a colocar de xeito sistemático en todas as estradas que son obxecto de reforma.

A LU-122 é unha infraestrutura que conecta a zona da mariña luguesa coa capital da provincia e nos últimos anos está a rexistrar de forma continuada un aumento da intensidade media dos vehículos que a utilizan, sobre todo de tráfico pesado.

As condicións actuais da vía –cun pavimento en mal estado de conservación- unidas ao aumento do tráfico na zona, fan necesaria unha actuación para mellorar a seguridade dos seus usuarios. Para tal fin, Política Territorial levará a cabo un proxecto de reforma integral da estrada entre os puntos quilométricos 14+880 e 33+600.

Esta actuación, ademais de mellorar as condicións de seguridade da estrada para todos os seus usuarios, responde aos obxectivos da CPTOPT de contribuír ao equilibrio territorial de Galicia e garantir os dereitos de todos os cidadáns, independentemente de onde vivan. No caso concreto da estrada entre Paraxes e Lourenzá, os habitantes da zona verán notablemente melloradas as súas comunicacións tanto con Lugo cidade como con toda a zona costeira da mariña luguesa.



A XUNTA DECLARA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DA VARIANTE DE ROIS SOBRE A DOS MONTES VECIÑAIS DE QUINTÁNS E MACEDOS

- *A Consellería do Medio Rural declarou a prevalencia da utilidade pública do proxecto de terminación da variante Quintáns, Urdilde a Antequera (Rois) sobre a dos montes veciñais en man común Quintáns e Susamontes, Parapico e Abelenda, promovido pola Deputación Provincial da Coruña*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de terminación EP 7401 da variante Quintáns, Urdilde a Antequera (Rois) sobre a dos montes veciñais en man común Quintáns e Susamontes, Parapico e Abelenda, pertencentes ás comunidades de Quintáns e Macedos, cunha superficie de afección de 11.775 metros cadrados.

A Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais ratificou o informe favorable sobre a prevalencia da utilidade do proxecto sobre as destes montes veciñais, emitido pola Delegación Provincial do Medio Rural de Pontevedra, sen que as comunidades propietarias presentasen alegacións durante os períodos de exposición pública.

A Lei de expropiación forzosa establece que a aprobación dos proxectos de estradas implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

A Lei de estradas estatal dispón que a aprobación dos proxectos de estradas estatais implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisicións dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 272.300 EUROS NA DOTACIÓN DE NOVOS SERVIZOS DE SANEAMENTO NA REGATA-MENDE, NO CONCELLO DE OURENSE

- *O proxecto, financiado pola Empresa Pública da Obras e Servizos Hidráulicos e cun prazo de execución de 4 meses, ten por obxecto a eliminación de verteduras directas ao río Lonia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o proxecto para a execución dunha rede de colectores na zona da Regata-Mende, no concello de Ourense. O proxecto conta cun orzamento de 272.307 euros, contía que financiará na súa totalidade o departamento autonómico a través da Empresa Pública da Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

As actuacións, que teñen como obxectivo a eliminación de verteduras directas ao río Lonia, na zona da Regata, inclúen a construción dunha rede colectores e dunha estación de bombeo de augas residuais e prevén a reposición do abastecemento e dos pavimentos afectados polas obras.

Os traballos teñen un prazo de execución de 4 meses, tras a súa adxudicación.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 400.000 EUROS NA REPARACIÓN DOS DANOS PRODUCIDOS POLO TEMPORAL EN CENTROS EDUCATIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- *Os centros afectados son os colexios de educación infantil e primaria (CEIP) A Laxe, de Marín; Baño-Xanza, de Valga; Nosa Señora da Piedade, de Vila de Cruces; e os institutos de educación secundaria (IES) Pedro Floriani, de Redondela; Marco de Camballón, de Vila de Cruces; Marquesa do Pazo da Mercé, das Neves; e o IES de Tomiño*

O Consello da Xunta foi informado hoxe das resolucións da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra polas que se acorda a tramitación de emerxencia dos expedientes de execución de obras en centros educativos para reparar os danos producidos polo temporal de vento e choiva do 23 de xaneiro de 2009. A consecuencia deste episodio meteorolóxico adverso, producíronse danos que ocasionaron diversos desperfectos nas cubertas de sete centros de ensino da provincia de Pontevedra, véndose afectados, en xeral, os demais espazos e instalacións debido á cantidade de auga que entrou nos edificios. En total, a Administración educativa inviste 410.000 euros nestas obras de reparación.

Os centros afectados son o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) *A Laxe*, de Marín, no cal se produciu o levantamento da cuberta da pista polideportiva; o CEIP de Baño-Xanza, de Valga, en que se levantou a cuberta da ala norte; e o CEIP *Nosa Señora da Piedade*, de Vila de Cruces, que sufriu desprendementos parciais da cuberta.

Ademais, tamén se actuou nos institutos de educación secundaria (IES) *Pedro Floriani*, de Redondela, xa que caeu unha árbore sobre a pasarela de unión de edificios; *Marco de Camballón*, de Vila de Cruces, en que se produciu o levantamento da cuberta da ala oeste; *Marquesa do Pazo da Mercé*, das Neves, debido a desprendementos parciais da cuberta; e o IES de Tomiño, por desprendementos parciais da cuberta.